Celga Certificado Lingua Galega

9000

# FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Lugar da proba:** | | **Data:** | | **Nivel:** | **CELGA 2** |

## DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Apelidos e nome:** | | | |
| **DNI / NIE / Pasaporte:** | | **Nacionalidade:** | |
| **Data de nacemento:** | ____ / ____ / _________ | **Sexo:** | home ☐ muller ☐ |
| **Lugar de nacemento:** | ☐ Galicia ☐ Outras rexións de España<br>☐ Europa ☐ América ☐ África ☐ Asia ☐ Oceanía | | |
| **Lugar de residencia:** | ☐ Cidade ☐ Vila ☐ Aldea | | |
| **Tipo de estudos cursados:** | ☐ Universitarios ☐ Secundarios ☐ Primarios ☐ Sen estudos | | |

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

## INSTRUCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lean detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empreguen bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúense á tarefa que se lles pide.
- Axústense ao número de palabras que se lles pide. Valorarase negativamente que non cheguen a ese número de palabras ou que se excedan demasiado.
- Non se lles proporcionará outro caderno de exame.
- Deben empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilicen o seu nome real no texto da proba nin marquen o exame con ningún sinal (por exemplo, non usen típex).
- Terán que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruiranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.

Celga
Certificado
Lingua
Galega

9000

# Celga

Certificado Lingua Galega

# 2

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C2-A-01

# Proba A1

Vostede é monitor/a de tempo libre e escoitou este anuncio no programa de radio *Xuventude en acción.* Decide escribirlle unha carta ao director dun instituto do seu concello, suxerindo que o concurso fotográfico se converta nunha actividade na que participe o alumnado do centro, coa axuda do profesorado. Nesta **carta**, de **200 palabras**, vostede deberá:

- Presentarse e facer referencia á noticia.
- Informar sobre os requisitos do concurso fotográfico e das posibilidades enriquecedoras e motivadoras dos premios.
- Recomendar a actividade para o alumnado do centro de ensino, de xeito que o profesorado tamén participe.
- Despedirse, pedindo unha pronta resposta.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

9000

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

# Proba A2

Vostede convida a cear a unha amiga nun restaurante, dado que teñen algo especial que celebrar. A carta que lle presenta o camareiro inclúe, entre outros, os seguintes pratos:



ENTRANTES

Croquetas de marisco ........................ 16 €
Cogomelos ao allo ........................ 12 €
Ensalada especial da casa ........................ 10 €

PEIXES

Ollomol ao forno ........................ 22€
Polbo á feira ........................ 18 €
Pescada á galega ........................ 13€

CARNES

Costeleta de porco ........................ 16€
Entrecosto ás finas herbas ........................ 24€
Solombo á grella ........................ 22€
Solombo á pementa ........................ 23 €

BEBIDAS

Auga mineral ........................ 1€
Albariño da casa ........................ 12 €
Mencías galegos ........................ 9 €
Cafés e infusións ........................ 1,50€

Durante a cea todo transcorre de xeito normal ata que, tras os cafés, piden a conta. Os dous advirten con sorpresa que as cantidades facturadas non se corresponden cos prezos da carta.

RESTAURANTE
**O PORCO DE PÉ**
Rúa Vicente Risco, 69
Tel.: 543 210987

2 Entrantes.......... 26 €
1 Solombo á grella... 22 €
1 Pescada á galega... 18 €
2 Augas con gas...... 3 €
1 Albariño da casa... 13 €
2 Cafés.............. 4 €

TOTAL.....86 EUROS

Grazas pola súa visita

Celga
Certificado Lingua Galega

9000

Chaman o camareiro e coméntanlle que se trata dunha equivocación, pero este, de malas maneiras, dilles que non hai erro ningún na conta. Segundo el, o erro está nas cartas, xa que non están actualizadas.

Logo dunha breve discusión e dado que o camareiro e mais a encargada insisten en cobrarlles o importe da conta, vostedes deciden pedir a folla de reclamacións.

Usando un nome ficticio, faga unha **reclamación** de **200 palabras**, na que ten que:

- Explicar brevemente os feitos ocorridos.
- Dar a súa opinión sobre a situación e comentar como todo isto afectou os seus plans de pasar unha celebración agradable.
- Pedir que se recoñeza o erro e que fagan a devolución do que lle cobraron indebidamente.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

**FOLLA DE RECLAMACIÓNS**

Eu ______________________________________________________ (nome e apelidos supostos),

con domicilio en ______________________________________________________________

_____________________________________________________________________________

EXPOÑO:

E POLO TANTO SOLICITO:

9000

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2